

CONVOCATORIA DE SOLICITUDE DE MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL

CURSO ACADÉMICO 2024/25

O alumnado que por circunstancias acreditadas pretenda realizar os seus estudos a tempo parcial poderá matricularse en 30 créditos ECTS a elixir ou o número máis próximo a esta cifra en función das materias en que se matricule.

O alumnado que poderá acollerse a este sistema de matrícula a tempo parcial será como máximo o 15% dos matriculados no primeiro curso, de acordo coas prazas de novo ingreso ofertadas.

Para estes efectos as persoas interesadas deberán enviar aa solicitude ao enderezo electrónico do decanato, acreditando os motivos que lles impide a realización dos estudos a tempo completo.

Para xustificar a petición poderá presentarse o contrato de traballo acompañado da última nómina e a alta na seguridade social, certificado de discapacidade expedido polo órgano competente ou xustificante que acredite suficientemente a concorrencia dunha situación persoal excepcional.

Na solicitude bedeberrán indicarse as materias das que quere quedar matriculado/a.

Prazo de presentación: ata o 17 de setembro

Lugar: zhisdeca@usc.es

O resultado da selección, notificarase ao alumnado interesado e daráselle traslado á Unidade de Xestión Académica, xunto coa relación de materias nas que debe quedar matriculado/a para proceder ao axuste da marícula antes do remate do prazo Xeral de modificación de matrícula. A Uxa notificará ao alumnado a inscrición realizada así como a liquidación de prezos definitiva.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O decano

Marco Virgilio García Quintela

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARCO VIRGILIO GARCIA QUINTELA, DECANO A DA FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/07/2024 10:39:40.

CSV: 7C12-BE49-4FB3-88B4